

PLAN DIXITAL

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro: CEIP LAVERDE RUÍZ

Código do centro: 27005813

Dirección: Rúa do Concello 6, 27150 Outeiro de Rei, Lugo

Correo electrónico: ceip.laverde.ruiz@edu.xunta.gal

Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplaverderuiz/>

Neste centro impártese as etapas de Educación Infantil e Educación Primaria, e é un centro de dobre liña excepto no curso de 1º EP que só é un grupo este ano. O centro ten algo máis de 300 alumnos e alumnas en total e somos 28 profesores e profesoras, incluíndo especialistas.

O centro dispón de comedor, transporte escolar e servizo de madrugadores para o horario anterior ao inicio das clases e de ludoteca e actividades extraescolares deportivas para o horario máis alá das 14:30 cando saímos.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O centro escolar atópase a 15 kilómetros do centro de Lugo, na zona oeste saíndo pola antiga Nacional VI e cerca da conexión á autovía A-6. Outeiro de Rei é un concello que ao estar cerca de Lugo ten unha serie de urbanizacións con moita poboación e que co transporte escolar e todas as actividades extraescolares organizadas polo concello facilita que as familias poidan conciliar horarios cos seus traballos. É, nos últimos cursos, un colexio que vai aumentando matrícula ano a ano.

No proxecto educativo o uso das novas tecnoloxías son un principio fundamental do mesmo e este plan vai a favorecer o seu uso e aprendizaxe entre toda a comunidade educativa. As TICS e as axudas técnicas baseadas nas mesmas favorecen a aprendizaxe e desenvolvemento das competencias do alumnado.

Na PXA do curso 2022-2023 comeza a implantación deste plan e nela deberase plantexar unha concreción do mesmo. Implicará nomear unha coordinación TIC con horario axeitado e suficiente, a elaboración e aprobación dun PFPP para facer posible os obxectivos plantexados no plan de acción e o seguemento e elaboración dunha reseña na memoria final de curso.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro.

No artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

O artigo 132 da devandita Lei establece como competencias dos directores e directoras, entre outras, exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro; e fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro.

Na disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO no curso académico 2021-2022, se fai referencia a que os centros docentes elaborarán un plan dixital.

Nos mesmos termos se expresa a disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022.

Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración deste documento partimos dunha avaliación da situación do centro coa realización do test Selfie e do test CDD. Os resultados foron analizados para plantexar unha análise DAFO, debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades, usando unha análise cuantitativa e cualitativa e reflexión dos membros do equipo de traballo e propostas do claustro de mestres.

Desde os datos anteriores e unha reflexión colectiva plantexamos un plan de acción establecendo as prioridades e actuacións que se manifestan nos obxectivos SMART para a posta en marcha deste plan no curso 2022-2023.

A persoa responsable das TICS coordinou todo o proceso e un grupo de mestres do centro, os mesmos que formaron parte do PFP, foron os encargados da elaboración deste documento que poñemos en funcionamento do centro, formando parte do noso proxecto educativo.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O centro conta con conexión a Internet por fibra óptica, e temos 3 racks (dous no edificio de Primaria e outro no edificio de Infantil), tendo wifi desde mediados deste curso en todas as dependencias, posto que despois dunha obra de ampliación houbo zonas que non quedaron cubertas cos switch wifi que había e despois de moito insistir á UAC conseguimos subsanar esa situación.

Nas aulas dispoñemos de ordenadores portátiles ou de sobremesa (quedan 3 deste tipo, o resto son portátiles) e de tres sobremesa na sala de profesores. As dependencias do corpo directivo tamén teñen CPUs.

Contamos con tres impresoras, unha para o edificio de Infantil e as outras dúas para o edificio de Primaria. Unha delas está conectada a tódolos ordenadores das aulas de Primaria e outra, máis nova, aos ordenadores da sala de profesores.

Na biblioteca temos unha CPU noviña para labores de catalogación de volumes, outra antiga para uso dos alumnos e un portátil para proxectar nunha pantalla para uso nos diversos actos que se celebran na nosa biblioteca.

Tamén temos quince kits formados por ordenador portátil e kit de conexión a internet dentro do programa “posto educativo no fogar” .

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: Pode ser interesante incluír a información do resumo das áreas do informe SELFIE de cada etapa educativa na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo	3				
	Profesorado	2.1				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo	2.5				
	Profesorado	2.1				
	Alumnado	3.5				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo	3.5				
	Profesorado	2.5				
	Alumnado	3.5				
D- Desenvolvemento profesional	Equipo	4.7				
	Profesorado	3.1				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo	4.6				
	Profesorado	4.1				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo	2.8				
	Profesorado	3.3				
	Alumnado	3.4				
G- Prácticas de avaliación	Equipo	1.6				
	Profesorado	2.7				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo	1.8				
	Profesorado	2.9				
	Alumnado	3.2				

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>17</u>	<u>21</u>	<u>81%</u>
PROVISIONAL	<u>6</u>	<u>6</u>	<u>66.7%</u>
INTERINO	<u>0</u>	<u>1</u>	<u>0%</u>
SUBSTITUTO	<u>4</u>	<u>6</u>	<u>66.7%</u>
DESPRAZADO	<u>0</u>	<u>0</u>	<u>0%</u>

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
63	<u>Explorador/a (A2)</u>	76.4	<u>Integrador/a (B1)</u>

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO				
BAC				
F.P				

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2		
B1		
B2		
C1		
C2		
TOTAL		

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<p>1.- A infraestrutura dixital nas aula de 5o e 6o de EP apoia o ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p> <p>2.- Facilitade para buscar recursos en liña e crealos.</p> <p>3.- Dispoñemos de servizos educativos corporativos para difundir información sobre o centro educativo virtual e participamos en</p>	<p>1 Non existen dispositivos dixitais propios ou xestionados polo centro para poder ser utilizados polo alumnado cando os precise.</p> <p>2. Non existen no noso centro repositorios ou bibliotecas en liña que conteñen materiais de ensino e aprendizaxe.</p> <p>3.- O centro conta con dispositivos propios que</p>

		<p>actividades formativas individuais organizadas pola Administración educativa para actualizar as competencias dixitais do profesorado.</p> <p>4.- Promóvese o uso de software libre e a participación en actividades de formación axustándose ás nosas necesidades.</p>	<p>necesitan renovarse.</p>
	<p>PERSOAL DOCENTE</p>	<p>1.- Coñecemos e respectamos as licencias de autor.</p> <p>2.- Os docentes intercambiamos dentro do centro sobre docencia con tecnoloxías dixitais.</p> <p>3.- Utilizamos as tecnoloxías dixitais para a comunicación relacionadas co centro educativo e usamos recursos dixitais en aberto.</p> <p>4.- Somos conscientes e coñecedores das diferentes modalidades formativas para o profesorado: presencial, en liña, a través da</p>	<p>1 Os docentes dispoñen de pouco tempo para aprender e poñer en práctica novas modalidades de ensino no ámbito dixital.</p> <p>2 Non existe cultura de traballo colaborativo en rede por parte do profesorado.</p> <p>3. Está pouco extendido o uso da aula virtual nos cursos ata 3º de Educación Primaria.</p>

	<p>cooperación e que contribúen ao desenvolvemento profesional a través das redes profesionais da formación interna e programas acreditados.</p> <p>5.- Queremos usar e somos conscientes das vantaxes de empregar a tecnoloxía con solvencia para a preparación das clases, impartición de clases, retroalimentación, apoio e comunicación.</p>	
<p>PERSOAL NON DOCENTE</p>	<p>1.- A asistencia técnica está dispoñible no noso centro cando xurdan problemas coas tecnoloxías só en aulas Edixgal- Servicio Premium.</p>	
<p>ALUMNADO</p>	<p>1.- Valoramos as competencias dixitais que o alumnado desenvolveu fóra do centro educativo.</p> <p>2.- O alumnado aprende a actuar con seguridade e respponsabilidade en internet.</p>	

	FAMILIAS		
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	1.- O claustro conta co apoio do equipo directivo para o DPC.	1. Non existe unha estratexia dixital. 2. Non existe colaboración con outros centros para apoiar o uso das tecnoloxías dixitais. 3. Non temos un plan para axudar aos profesores a afrontar os retos que supón a aprendizaxe mixta , relacionados coas necesidades de aprendizaxe dos estudantes e a súa orixe socioeconómica.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA		1.- A formación ofrecida pola administración ten límite de prazas, non chega adecuadamente aos docentes se é en formato online e se é en formato presencial é rápida e atropellada, quedando profesores descolgados e desmotivados da propia formación. 2.- Carga lectiva elevadísima sen tempo para a

		<p>formación.</p> <p>3.- Imposibilidade de mercar tecnoloxía con recursos propios axeitados ás nosas necesidades.</p> <p>4.- Ratios elevados.</p>
LEXISLACIÓN		<p>1.- Os cambios legislativos constantes tampouco axudan a unha formación continuada.</p>
CONTORNA	<p>1.- É o momento de realizar unha actualización profunda do equipamento dixital obsoleto que hai no centro.</p> <p>2.- É o momento de regular o uso de dispositivos persoais no centro tanto do alumnado como do profesorado.</p> <p>3.- Creación de canles colaborativas e asesoramento entre o profesorado do noso centro e da contorna.</p> <p>4.- Posibilidade de dispoñer de formación dixital continua no propio centro.</p> <p>5.- Hai docentes que están na vangarda de novas tecnoloxías para introducir nos procesos de ensino e aprendizaxe.</p>	<p>1.- Ausencia de orientación-asesoramento interno e de visitas de estudo.</p> <p>2.- Escaso equipamento dixital nos fogares e escaso uso da tecnoloxía no fogar con fins educativos.</p>

	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES	1.- Existe a posibilidade de dispoñer de asistencia técnica, didáctica e mentorización no centro por docentes do propio centro competentes dixitalmente dispostos a desenvolve-la coa liberación horaria correspondente.	

3. Plan de Acción

A partir da análise DAFO establecemos unha serie de obxectivos, buscando que solucionen debilidades ou afronten ameazas, aproveitando as fortalezas e oportunidades. Tratamos de englobar estes obxectivos nas áreas de mellora segundo o Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes (DigCompOreg), para poder relacionalos nunha futura sesión de SELFIE.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Realizamos unha selección de áreas que consideramos prioritarias e plantexamos uns obxectivos relevantes e en relación coa mellora da capacidade dixital no centro que desenvolveremos no curso 2022-2023.

Os obxectivos a plantexar serán: específicos, medibles, alcanzables, relevantes e definidos no tempo, obxectivos SMART.

En cada obxectivo establecemos uns indicadores con valores de partida e de chegada, concretando ata onde queremos chegar e con que elementos. Así a suma de obxectivo + indicador + valores + data é a que reflicte se o conxunto acada as condicións “ SMART”.

Para acadar os obxectivos definimos e concretamos accións, responsables das accións, temporalización, recursos necesarios e valoración do seu cumprimento realizando un seguimento do seu estado.

Ver Anexo I taboas plan de acción.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

As necesidades prioritarias son:

- 1.- É o momento de realizar unha actualización profunda do equipamento dixital obsoleto que hai no centro: hai polo menos 10 portátiles que habería que retirar e pedir á UAC que os substitúa.
- 2.- É o momento de regular o uso de dispositivos persoais no centro tanto do alumnado como do profesorado: hai que conseguir que os alumnos e alumnas non traian dispositivos propios porque soe haber bastante diferencias entre eses dispositivos (algúns son moi novos, e outros máis lentos), porque fan que haxa varias marchas na progresión do aprendizaxe.
- 3.- Creación de canles colaborativas e asesoramento entre o profesorado do noso centro e da contorna: establecer unha “ruta” de formación nos mesmos cursos para os profesores e profesoras do noso centro, coordinado cos outros centros do arredor para que non haxa diferencias de formación do claustro dun centro ao outro.
- 4.- Posibilidade de dispoñer de formación dixital continua no propio centro: dentro da liña TIC do PFPP do próximo ano debemos de marcar qué cursos facer para que os profesores e profesoras do centro teñamos o mesmo nivel.
- 5.- Aprender dos compañeiros que máis formación TIC teñan: hai docentes que están na vangarda de novas tecnoloxías para introducir nos procesos de ensino e aprendizaxe e que poden ensinar aos que non teñan esa formación nos asuntos máis prácticos.

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: DSENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO			
OBXECTIVO 1	Aumentar a formación en recursos TICs educativos para o profesorado (D1).		Acadado
Responsable	Grupo de docentes integrantes do PFPP.		Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	O PFPP ten unha liña para a mellora da formación en recursos TICs educativos dos profesores e profesoras do centro.		
Valor de partida	Análise de necesidades de formación en recursos TICs dos profesores e profesoras do centro ao principio de curso.		
Valor previsto e data	Realizar dous cursos integrados na liña TIC do PFPP.	30/6/ 2023	

ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Ver que necesidades de formación hai no claustro de profesores.	Equipo directivo e Coordinador TICs	Setembro 2022	Enquisa ao profesorado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Solicitar formación mediante PFPP sobre as Bibliotecas Escolares e a liña TIC.		Primeiro trimestre curso 2022-23	CFR		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3:					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO			
OBXECTIVO 2	Xeneralizar o uso da Aula Virtual do centro a todo o alumando dos dous últimos ciclos de Educación Primaria (H.10).		Acadado
Responsable	Equipo TICs		Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Constatar periodicamente (cada dous semanas) que ningún alumno ou alumna dos dous últimos ciclos de Educación Primaria non entra na Aula Virtual.		
Valor de partida	Ter actualizada a conta e o contrasinal para poder entrar na Aula Virtual.		

Valor previsto e data	Comprobar que todos os alumnos dos últimos ciclos entraron na Aula Virtual o primeiro mes.			30/9/2022		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRIPCIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Dar unha actualización a cada alumno do seu usuario e contrasinal na primeira semana de curso.	Os titores con axuda do Coordinador/-a TICs.	30/9/2022	Ordenadores nas aulas e conexión estable e rápida a internet no centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Conseguir que o alumnado do primeiro ciclo sexa capaz, tanto na casa como no centro, consultar o subido polos profesores das materias.	Os titores	22/6/2023	Ordenadores nas aulas e conexión estable e rápida a internet no centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Conseguir que o alumnado do segundo e terceiro ciclo sexa capaz, tanto na casa como no centro, para consultar e tamén contestar ao subido polos profesores das materias.	Os titores	22/6/2023	Ordenadores nas aulas e conexión estable e rápida a internet no centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: INFRAESTRUTURAS E EQUIPOS			
OBXECTIVO 3	Aumentar e actualizar os dispositivos dixitais do centro.		Acadado
Responsable	Equipo directivo e Coordinador/-a TIC.		Non acadado

INDICADOR/ES DO OBXECTIVO		O centro aumenta a compra ou solicita á UAC novos dispositivos e retira ou lle busca unha segunda vida aos equipos desfasados.			
Valor de partida		Equipos antigos e lentos e clases sen pizarras dixitais interactivas/paneis táctiles interactivos.			
Valor previsto e data		Actualizar todos os equipos que van lentos e adquisición/solicitud de paneis táctiles interactivos para as aulas que non dispoñen delas.		30/6/2023	
ACCIÓN A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO3.1: Inventariar os ordenadores para identificar os que habería que relevar por equipos novos.	Equipo directivo e Coordinador/-a TIC.	15/9/2022	Inventario.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO3.2: Darlle unha segunda vida aos ordenadores retirados que, tecnicamente, aínda podan servir como equipos de consulta noutras aulas.	Equipo directivo e Coordinador/-a TIC.	15/9/2022	Protocolo de reparto nas aulas de equipos antigos que aínda sirvan para algunha actividade (navegar, editar son-vídeo-textos,...).		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO3.3: Dotar de paneis táctiles interactivos as aulas do centro que aínda non as teñen.	Equipo directivo e Coordinador/-a TIC.	30/6/2023	Solicitud á UAC.		Realizada
					Aprazada
					Pendente

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: PEDAGOXÍA: APOIOS E RECURSOS		
OBXECTIVO 4	Deseñar un plan para a abordaxe da aprendizaxe mixta (G.2).	Acadado
Responsable	Claustro do centro, Equipo TIC e Coordinador/-a TIC.	Non acadado

INDICADOR/ES DO OBXECTIVO		Deseño dun plan consensuado por todo o claustro de ensino mixto.				
Valor de partida		O centro non conta cun plan para resolver o reto da aprendizaxe mixta.				
Valor previsto e data		Ter un plan de aprendizaxe mixta consensuado.		30/6/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO4.1: Solicitar formación para unha programación e aprendizaxe mixta a través do PFPP.	Equipo directivo e Coordinador/-a TIC.	1º Trimestre 2022-23	CAFI ou CFR		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Elaboración dun plan para a aprendizaxe mixta tendo en conta os recursos dixitais das familias.	Equipo directivo e Coordinador/-a TIC.	1º e 2º trimestre.	Aula virtual e portátiles Programa Senda Dixital.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Creación de un repositorio na Aula Virtual para os docentes do centro.	Docentes do PFPP.	3º Trimestre.	Aula Virtual.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: INFRAESTRUTURAS E EQUIPOS			
OBXECTIVO 5	Facilitar desde o centro o acceso ao alumnado á dispositivos dixitais nas aulas (C.14).		Acadado
Responsable	Equipo directivo e Coordinador/-a TIC.		Non acadado

INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Conseguir dotar equipos nun espazo do centro, a modo de aula de informática, para que poidan os alumnos acudir por turnos para traballar na ensinanza mixta.					
Valor de partida	Non temos nin equipos suficientes nin un lugar onde dispoñer deles para levar por turnos aos alumnos.					
Valor previsto e data	Dispoñer dunha ducia de equipos e dunha aula para usalos.			1º Trimestre 2022-23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO5.1: Comprar/solicitar á UAC ao menos unha ducia de equipos informáticos.	Equipo directivo e Coordinador/-a TIC.	1º Trimestre 2022-23	Solicitud a á UAC.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.2: Elaborar un protocolo para o uso dun espazo común con ordenadores para poder ir por turnos as clases a traballar neles.	Equipo directivo e Coordinador/-a TIC.	1º Trimestre 2022-23	Unha aula libre e o seu protocolo de uso.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.3: Elaborar un protocolo de uso dos dispositivos dispoñibles por parte dos grupos aula que os van usar.	Equipo directivo e Coordinador/-a TIC.	1º Trimestre 2022-23	Protocolo de uso dos dispositivos dixitais.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

Plantexamos por un lado unha avaliación procesual cunha frecuencia trimestral e unha avaliación final anual na que se plantexarán as propostas de mellora. Avaliación procesual:

- Execución das distintas accións plantexadas: en cada acción realizada, aprazada ou pendente.
- Valoración dos resultados .
- Modificación das accións, temporalización, recursos necesarios e responsables das mesmas.
- Propostas de modificacións motivadas. Avaliación final:
- Inclusión na memoria final de curso.
- Propostas de mellora para a curso seguinte.

5. Difusión do plan

Este documento pasa formar parte do proxecto educativo e como ten que ser difundido entre a comunidade educativa e realizaranse as seguintes accións para este fin:

- Información e difusión entre o claustro de mestres.
- Aprobación e difusión entre os membros do consello escolar o
- Concreción anual PXA.